

# *A TOUBA DO BRIÓN*



*Revista do  
I.E.S. VAL MIÑOR  
Nº 2  
Xuño 2007  
E.N.L.*

**No beneficio da educación dos teus fillos  
a ANPA I.E.S. VAL MIÑOR:**

- Promove a participación de pais/nais na xestión do centro
- Colabora nas actividades escolares e extraescolares do centro
- Representavos no consello escolar



**ASÓCIATE:** Ingresa 12 €  
-anuais- en CAIXANOVA –Nigrán  
Cta. 2080/0052/2/2/0000163563

*A túa participación.....*  
**FORTALECE A TODOS**  
Permiteche.....

- Recibir axudas nas actividades extraescolares
- Beneficiarte do Banco de Libros

<http://centros.edu.xunta.es/iesvalminor/index.html> -sección ANPA-  
apaiesvalminor@hotmail.com

## *Soneto da Touba do Brión (2007)*

*Este curso que remata, que por certo foi ben tolo,  
no seminario tivemos a compañía excelente  
—refírome ao de galego aínda que non soamente—:  
Isabel, a bulebule, e Sandra, a do níveo colo.*

*Esquecelas non é fácil nin o vai ser a Manolo  
que aínda que vaia prà casa seguirá coa nosa xente  
para avisar por megáfono a Andrés, Teresa ou Bartolo  
que pasen por conserxería, ¡rápido porque é urghente!*

*Estamos todos contentos pois isto cheira a verán  
e o brión saíu da touba estoutro ano tamén,  
chega con bastante xúbilo, como o que leva don Juan,*

*outro que marcha prà casa; que todo lle vaia moi ben  
desde aquí lle desexamos con saúdo e beixamán,  
e a Marilis e a Esther e a Carme, e a todos bo verán!*

## A DESPEDIDA DO CURSO

Cando esta revista estea nas vosas mans, os alumnos de Segundo de Bacharelato terán finalizadas as probas de acceso á universidade e o resto estará encarando os exames finais de xuño coa vista posta nas vacacións, aínda que un bo número de estudantes levarán con resignación os seus libros para intentalo de novo en setembro. Entrementes os alumnos pensan xa en cambiar de aula, elixir modalidade de bacharelato ou ciclo formativo, como será a universidade que os espera... Os profesores afanámonos corrixindo os últimos exames, preparando a memoria de fin de curso ou analizando o que nos ten preparado o aluvión de novos decretos sobre educación.

O ano escolar finaliza coa mesma tranquilidade coa que se iniciaba e coa impresión persoal de que os meses cada vez flúen máis rápido. Ano este no que achamos a faltar a Teresa, excelente profesora e persoal amiga sempre preocupada pola calidade do ensino; Teresa, recibe un caloroso saúdo de todos aí onde te atopas.

Como sempre cando un curso remata, temos que agradecer a cantos nos axudaron ao longo dos dez meses do itinerario. Pero esta vez trátase dun camiño de anos, por un lado o labor de Manolo, conserxe do centro dende que abriu as súas portas e que desempeñou sempre o seu labor con entusiasmo e xenerosidade, pendente do centro e facendo a súa encomenda sen importarlle as horas de traballo, cumprindo en ocasións el só -especialmente este último curso- as tarefas que deberían repartirse entre dúas persoas. Pero máis que o seu esforzo e dedicación, os que o coñecemos máis de preto valoramos o seu lado humano; Manolo é un amigo co que sempre podes contar e é tamén unha persoa preocupada pola cultura e a formación dos nosos alumnos ao que lle doe ver como algúns non aproveitan oportunidades que el non tivo. Por outro lado, o labor de D. Juan, que deixou, dun xeito discreto e eficiente, o mellor de si mesmo: a súa humanidade e sabedoría no corazón dos seus alumnos que sempre o lembrarán con agarimo.

Agradecer tamén á ANPA, gran colaboradora do centro, o seu traballo desinteresado. Sei moi ben que cando se traballa deste xeito por unha nobre causa a satisfacción íntima está por enriba dos agradecementos pero o seu recoñecemento non debe faltar nesta nosa revista.

¿Que dicir do traballo de todo o equipo docente que foi quen de desenvolver o seu labor con dedicación e agarimo? De seguro que os alumnos non esquecerán os nosos esforzos e no seu futuro lembrarán cun sorriso os anos que aquí estiveron. Esperamos que pronto Marilís, Esther e Carmen volvan estar connosco totalmente recuperadas e enviámoslles unha calorosa aperta. Agradecer especialmente a todos aqueles que organizaron ou participaron desinteresadamente en actividades complementarias ou extraordinarias tan importantes na formación integral do noso alumnado.

Por último, pero por suposto non menos importante, non cabe dúbida de que temos que agradecer tamén a Ana a súa dedicación de todos estes anos dende a Xefatura de Estudos, o cargo máis difícil do centro. Creo que todos estaremos de acordo en que atoparemos de menos a súa medida, esforzo, competencia e sentido común. Aínda que soe a tópico, o listón queda moi alto para a persoa que a substitúe; pero coñecendo o eficiente, traballador e boa persoa que é Fernando, estou seguro de que é quen de realizar un excelente labor.

Eduardo Seco



## TABOLEIRO

### SECCIÓNS BILINGÜES: CLASES DE BIOLOXÍA E TECNOLOXÍA EN INGLÉS PARA 3º E 4º DE ESO

O presente curso 2006/07 comezou a participación do centro no programa de Seccións Europeas (que pasarán a chamarse Seccións Bilingües) nas materias de Tecnoloxía e Bioloxía e Xeoloxía en 4ºESO. Estas clases consisten en impartir unha materia de xeito bilingüe, partindo dunha das linguas maternas (galego ou castelán) e introducindo de xeito paulatino o inglés para a transmisión dos contidos de dita materia. O obxectivo final é o de potenciar a aprendizaxe da lingua inglesa entre o noso alumnado.

Considerando que a experiencia deste ano foi moi positiva, estas seccións ampliaranse o vindeiro curso a 3º ESO nas mesmas materias, ademais de continuar coas de 4º ESO. Como novidades de cara ao próximo ano:

- x Contaremos cun axudante lingüístico proporcionado pola Consellería de Educación.
- x Os alumnos de seccións bilingües se integrarán nun proxecto escolar Comenius, xunto con centros de oito países europeos.

Podedes preguntar aos vosos compañeiros que estiveron cursando as seccións europeas este curso se estades interesados en saber as súas impresións.

---

### PROXECTO ESCOLAR COMENIUS "Diversity around us"

Os proxectos escolares comenius consisten en asociacións de centros escolares europeos para desenvolver actividades en común. As comunicacións entre os distintos centros faranse utilizando unha lingua común (a inglesa no noso proxecto) e medios informáticos. Isto permite que os alumnos que participen se afagan ao uso do inglés e das TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación). Tamén se favorecerá a mobilidade de estudantes. Os proxectos teñen unha duración de dous anos.

En xaneiro de 2007, fíxose unha xuntanza preparatoria en Tulcea (Romanía) na que participou unha delegación do noso centro. Nela deseñouse o proxecto "Diversity around us" e fíxose un calendario de actuación das distintas actividades propostas. O obxectivo do proxecto é coñecer e comprender a herdanza cultural dos países participantes, respectando as diferenzas. Os estudantes, postos en contacto con outras culturas e coa realidade cotiá dos outros poden explorar semellanzas e diferenzas entre os seus hábitats, costumes e culturas. Este proxecto está aberto a todo o alumnado e profesorado. Haberá participantes de Austria, Eslovaquia, Italia, Romanía, Suecia, Grecia e Turquía.

As actividades a realizar van dende o deseño de páxinas web, comunicacións entre alumnos, enquisas, reunións de profesores e estudantes, redacción dun xornal dixital, confección dun dicionario multilingüe... Nas reunións que se celebren no estranxeiro, tentará levarse o maior número de alumnos posible (as limitacións son tanto económicas como de organización do país anfitrión). Terán preferencia en todo caso os alumnos que se ofrezan para aloxar estudantes estranxeiros durante a reunión que se celebre en Nigrán.

Pódese atopar máis información sobre Comenius e sobre as seccións bilingües, así como exemplos de actividades desenvolvidas durante o presente curso na páxina web do centro: <http://centros.edu.xunta.es/iesvalminor/>

Fernando Lahuerta e Eduardo Seco

## CONVERSA CON MANOLO

Ao comezo deste curso, os alumnos recibimos por terceiros e coma se fose un simple rumor, a noticia de que Manolo, o noso conserxe, se retira da vida laboral. Vaia sorpresa! Estabamos tan afeitos á súa presenza que xamais tiveramos en conta o feito de que algún día tería que retirarse. É posto que o ano que vén non o imos ter por aquí, ocorréusenos que podería ser una boa idea facerlle unhas preguntíñas e que nos contara algo da súa longa e completa vida. A todos se nos facía un pouco estraña a situación: tres alumnos entrevistando ao conserxe para a revista do instituto. Prometía ser interesante, e decidimos comezar pola pregunta clave:



P. – Cantos anos leva traballando neste instituto?

R. – Levo 28 anos. Cheguei aquí no 79, tiña eu daquela... 37 anos.

P. – E como é que se meteu a bedel?

R. – Veredes, antes de ser conserxe traballaba como taxista. Daquela case ninguén tiña coche, e era moi rendible, pero co paso dos anos foron aparecendo máis e máis, e o taxi xa case non daba diñeiro. Foi entón cando vendín a parada e comecei a traballar no instituto como administrativo. Despois dun tempo, presenteime ás primeiras oposicións que apareceron, aprobeinas, e comecei co posto de bedel.

P.– Sempre se sentiu ben tratado aquí?

R.– Por suposto. Sempre houbo moito respecto e compañeirismo co profesorado e cos outros conserxes, e isto sempre axudou a que me sentira a gusto e satisfeito co meu

traballo.

P. – E co alumnado?

R.– Eu sinto moito cariño polos alumnos, e sempre procurei manter boas relacións con eles, inda que sexan conflictivos ou malos estudantes. E sobre todo, sufro moito cando un alumno ten problemas ou vexo que se bota a perder. O truco cos rapaces é tentar comprendelos, e manter unha postura de respecto cara a eles, porque tes que respectar se queres ser respectado, e a min sempre me respectaron.

P. – Despois de tantos anos no centro, seguro que algo atopará en falta.

R.– Dende logo, vou encontrar de menos a convivencia, tanto cos alumnos coma co profesorado.

P. – E se puidera quedar, faríao?

R.– Non. Podería quedar ata os 70, pero penso que xa cumprín cun ciclo da miña vida. Levo dende os 12 anos traballando, e despois de facelo sempre o mellor posible, penso que xa vai sendo hora de gozar do ocio e a familia. Sobre todo, o que quero, é ter tempo para estar coa miña neta, que non ten nin un ano.

P. – E en todos estes anos coma conserxe, pasaron moitos compañeiros polo seu lado?

R.– Uf! Lembro tranquilamente máis de 20 persoas que traballaron comigo na conserxería, e coas que sempre mantiven unha boa relación laboral. Lémbrome especialmente do meu primeiro compañeiro. Aquel rapaz si que era divertido.

P. – E a todos estes compañeiros debeulles aprender vostede o oficio, non?

R.– En efecto, sempre dedicaba sobre uns 15 días para aprenderlles o que necesitaban saber.

P. – En que consistiu sempre o seu traballo?

R.– Veredes, eu comecei a traballar aos doce anos no arrastre, despois fun albanel un tempo, estiven dez anos como carpinteiro, un coma viaxante e trece de taxista. Despois disto xa comecei no instituto. Os cinco primeiros anos foron nos que máis traballei. Estaba só na conserxería e tiña que facer de todo: tiña que tocar o timbre, controlar o motor da auga, vixiar a alarma... ao final xa estaba acostumado a non só facer de bedel, senón tamén de xardineiro, electricista, pintor... arranxaba persianas ou portas... e aínda que agora teño axuda, moitas veces recorren a min como "manitas".

P. – E lembra algunha anécdota en especial?

R.– Home, anécdotas, hai moitas, pero lembro o caso dun rapaz de Coia, que xa tiña antecedentes de ser un rapaz problemático. Cando chegou ao instituto comezou a facer folgas sen ningún motivo para non ter que ir a clase. Despois de varios avisos tiveron que falar con el, porque era bo rapaz e dábame pena que se metera en trollos. Despois de falar comigo, e de que lle meteran presión, ameazándoo de chamar aos pais e poñelos ao tanto do asunto, díxome que non volvería organizar ningunha folga sen que fora necesaria.


Como estas, Manolo lembra mil anécdotas máis. Lembra tamén alumnos de todos os anos, detalles da súa vida, onde viven... parece que o noso bedel goza dunha mente privilexiada. Dende aquí, a revista do instituto, mandámoslle un agarimoso saúdo e que aproveite ao máximo a xubilación.

(Andrés Meixide e Eire)

## MEMORIA HISTÓRICA

O 18 de xullo de 1936, unha parte do exército, mandada polo xeneral Franco, sublevouse contra o lexítimo goberno da República. En pouco tempo, as forzas sublevadas fixéronse co control de Galicia e doutras partes do territorio español. Iniciábase así unha guerra civil chea de crueldade e dureza, que durou tres anos e deixou un saldo elevado de mortos.

A guerra rematou en abril de 1939, coa derrota das forzas leais á República. O xeneral Franco instaurou entón unha ditadura que se prolongou durante preto de corenta anos.



“Calquera estudo realizado sobre o período que vai de xullo a decembro de 1936 non debe esquecer unha cuantificación do

número de vítimas que causou o golpe militar. Aínda coas limitacións e reservas pertinentes, parece ben encamiñado un cálculo que establece en 800 o número de persoas fusiladas, de xeito “legal”, como consecuencia de xuízos sumarísimos, e unha cifra que supera as 5.000 persoas, como consecuencia da actividade dos “escuadróns da morte”, arrombadas por cunetas e valados.

Porén é posible que non vexamos máis que a codia deste fenómeno. Porque moito máis complexo que o cálculo numérico resulta precisar a influencia dun

fenómeno represivo desta magnitude na mentalidade colectiva dun pobo.

Unha etapa na que o medo se apoderou de toda unha sociedade; un medo que se ía alimentando de rumores e de mitos. Tratábase, en suma, do Terror.”

Historia de Galicia, Ed. A Nosa Terra

Francisca Piñeiro, unha ourensá de 73 anos, cóntanos en conversa co seu home, a súa experiencia daqueles tempos de guerra e posguerra. Aínda que ela, no 36, só tiña dous anos, esta foi unha data que determinou a súa vida: tivo que afacerse á ausencia do pai e á absurda esperanza do seu regreso por parte da nai.

(Ángel)- Ímoslles contar un suceso máis de cantos moitos houbo na guerra civil do 36-39. De todos sabido é que en moitas zonas e pobos ocorreron cousas por vinganza, por medo ou por envexa, achacándoas ás ideas que tiña cada persoa. Unha desas cousas sucedeulle aquí á miña señora.

Que recordos tes da guerra civil?

(Francisca)- Non recordo moito porque eu tiña daquela dous anos máis ou menos, pero eu sei o que me contou a miña nai; recordo toda a historia que me contou a miña nai despois de que fun grande, que cando fun pequena non o vivín; vivín a falta do meu pai, pero non...

(A)- O teu pai desapareceu na guerra civil. Onde vivía?

(F)- Vivía en Rante, San Cibrán de Viñas, en Ourense.

(A)- E como se chamaba?

(F)- Severino Piñeiro Losada.

(A)- Traballaba entón en...

(F)- Era, era..., entón dicíasele capataz de carreteras. Andaba cunha... cun grupo de...

(A)- Unha empresa...

(F)- Exacto.



(A)- Chamada Barros, ao parecer, que andaba en carreteras, non?

(F)- Si.

(A)- Que circunstancias ocorreron, logo?

(F)- Pois il estaba traballando en Toledo. Nós ignorabamos todo o que puidera pasar porque iamos ir todos á semana seguinte daquilo, que il desapareceu, iamos ir para Toledo, porque xa lle dixeran á miña nai que nos ía levar, e estaba a miña nai xa preparando todo para marchar con el; ata que veu un aviso dicindo que estaba detido.

(A)- E entón que pasou? Pedíronlle informes?

(F)- Ocorreu que...Si, pedíronlle informes, claro. A miña nai pasou unha noite buscando informes onde os curas de pueblo en pueblo , de noite alta e... acompañada dun señor, e... nada, recibiu a información toda boa, gracias a Dios, pero cuando a mandaron, pois, resulta que lle dixo o gobernador... o gobernador de eiquí de Ourense falou co de Toledo e xa lle dixeran que era tarde; xa por non esperar a mandarlle información, chamaron, por abreviar, e... e resulta que xa era tarde de verdade...

(A)- E o motivo de que o detiveran... Que puido suceder para que o detivesen sen saber por que?

(F)- Pois o motivo, segundo a miña nai, foi por unha finca que o meu abuelo tiña, que comprara e despois non a puido pagar, entonces, pois, o meu abuelo díxolles aos fillos se a querían, e os fillos todos dixeran que non.

(A)- Se querían comprala...

(F)- Claro, se a querían comprar.

(A)- Porque o abuelo non a podía pagar.

(F)- Porque o abuelo non podía pagala... E resulta que o meu pai

dixo que si, que a compraba. E non tiña diñeiro.

(A)- E os outros irmáns non quixeron participar niso...

(F)- E os outros irmáns dixeran que non querían saber nada. Entón comprouna o meu pai e incluso debía todo cuando desapareceu; debía todo o diñeiro da finca porque... non tivera tempo de..., amais non tiña diñeiro! E resulta que tiñamos un tío, un cuñado del, un irmao... ou sexa, un cuñado por unha media irmá da miña nai, e resulta que non quixo a finca, pero despois, aos oito días ou así que o meu pai non estaba, veu eiquí e preguntou...

(A)- Ese qué estaba, no ejército?

(F)- Ese estaba no ejército, xa andaba na guerra. Entonces pois preguntou por il, e díxéronlle que comprara a finca, e preguntou onde estaba, claro. Entonces il parece que se botou para adiante dicindo que non iba durar moito tempo, i aos oito días mesmo de chegar il alá, desapareceu o meu pai.

(A)- El resulta que quería a finca sen pagala...

(F)- Quería entrar na finca do abuelo sen pagala.

(A)- Parecía que se a comprara o abuelo, xa lle correspondía a el. Pero o abuelo comprouna sen podela pagar.

(F)- E o meu pai, a finca deixouna moi ben... que temos tido moitos problemas coa finca esa, muchísimos. Pero como o meu pai xa daquelas, desconfiando dise mesmo, pois deixouna moi segura, porque teñen andado por tódolos lados para quitárnola, outro problema que temos tido, pero sin embargo a finca non puideron quitala, que va..., imposible, aí está. Inda seguimos sen falarnos pola dichosa finca. Pero bueno, o caso foi que a desaparición do meu pai,

segundo a miña nai foi a compra da finca, porque a quería o outro e quería entrar nela, como a comprara o abuelo, quería entrar na finca sen pagala e non puido ser; entónces aí foi a morte do meu pai.

(A)- E que problemas houbo despois de que falleceu, porque se erades cuatros fillos pequenos, a vosa nai, como se puido arreglar para darvos de comer, para subsistir?

(F)- Pois a miña nai quedou co día e ca noite; non lle quedou nada e incluso tiña o pai dela ao cargo dela, e un irmao que era enfermo, e nós cuatros. Pois mira, chorando noite e día sen saber por onde tirar, porque foi así. Resulta que tiña unha veciña ao lado que andaba co leite i era unha veciña boa, e... i ao vela na situación que quedou a miña nai díxolle: "Herminia, esta semana vés comigo, e co que gañemos compramos o burro pa ti, e ti quedaste co leite i eu xa buscarei outra cousa, porque os meus fillos teñen pai, pero os teus non o teñen". Entónces, pois resulta que a miña nai..., así foi, o que xuntaron naquela semana, compraron un burro i a miña nai quedou co leite i a veciña colleu telas para ir vender polas portas para axudarlle ao marido, porque o marido era canteiro; daquelas gañábase pouco e tamén tiñan cuatros fillos; pero esa veciña axudounos moito. A miña nai criounos moi ben, tuvemos sempre que comer todos. A min enseñoume a coser no que se podía ao tempo nos pueblitos; o meu irmao, zapateiro; i as outras dúas, porque non quixeron, pero unha sabía ler e escribir de marabilla, que se defendeu sempre na vida; a outra si que non quixo estudar, bueno facía na casa o que podía i o que tiña que facer. I así foi...

(A)- E a súa nai estaría sempre pensando en que se regresaba, porque sempre lle pareceu que aparecería, non? que escapara; nunca deu crido que efectivamente o mataran...

(F)- Nunca! A miña nai pasounas...! Agora doume conta... despois, de maior, porque mo contou ela; pero eu, de pequena, non entendía por qué a miña nai se levantaba todas as noites a abrir a porta; e era porque o oía chamar para que lle abriera; entón a miña nai levantábase todas as noites, e viviamos nunha casa que estaba moi solitaria, case metida no monte; eu era pequena e tiña muchísimo medo cuando ela se levantaba a abrir a porta; eu agarraba nela que non quería que abriera a porta, porque eu morríame de medo, pero ela tiña que abri-la todas as noites, porque o oía chamar. E pasou así un calvario durante muchísimos anos. Cuando fun maior pregunteille que por que se levantaba de noite, que me fixera sufrir muchísimo; entón ela contoume. Eu, como non me criei con el, a verdade, non o botei de menos. Túvena a ela que mo deu todo. Pero ela dicía que se aparecía, como aparecían entónces moitos, pois como viñera que o quería. E eu dicíalle: "E para que o quere, despois, así, mal?". E ela dicíame: "Eu, veña como veña, eu quero". E despois, de maior, comprendín todo, pero...mentres fun pequena, que mal o pasei!


(A)- E cando lle preguntaban por que desaparecera ou por que o mataran, ela que contestaba? Que lle parecía a ela que sucedera?

(F)- Iso preguntámosllo moitas veces á miña nai, e ela dicíanos: "Dixéronme que o mataran porque era de ideas" . I eu iso non o entendía. Eu cría que meu pai era moi intelixente porque se defendía



moi ben en matemáticas naqueles tempos; a miña nai, o que sabía ler e escribir, aprendérallo il, porque miña nai nunca fora á escola.

(A)- Ben, pois, resumindo, desde logo, moitos aproveitaron a revolta da guerra civil para vingarse daquelas rencillas ou daquelas envidias, ou da falta de comprensión, o que entón chamaban ideas. Cada un ten as ideas que ten, ben políticas ou ben relixiosas, pero daquela acusábanse os uns aos outros; aproveitáronse e vingáronse moitos; había xente que a ían buscar de noite dicindo que eran comunistas ou que non eran católicos, e aparecían mortos. En fin, atrocidades... atrocidades que máis vale que nunca máis volva suceder semellante cousa. Cada un pode ter as ideas que queira pero débense de respetar as ideas duns e dos outros e non vingarse nin aproveitarse de distintos pensamentos para quitarlle a vida a unha persoa.



(F)- E quero dicir, ademais, que a miña nai cuando desapareceu meu

pai tiña trinta e tres anos. Era moi guapa. Tivo pretendentes, pero nunca quixo saír da casa, nunca quixo saber de nadie, nada máis que toda a vida esperando por este home que nunca veu.

(A)- É difícil comprender, pero se realmente lle dixeron que os informes xa non facían falta, que chegaban tarde, pois se entendía que o mataran, pero claro, ela sempre tería a idea de que "por se

acaso se escapou", "por se acaso non o mataron"...

Teresa Grande

### CUNETAS

¡Outra vez, outra vez o terror!  
Un día e outro día,  
sen campás, sen protesta.  
Galicia ametrallada nas cunetas  
dos seus camiños.  
Chéganos outro berro.  
Señor, ¿qué fixemos?  
-Non fales en voz alta-.  
Hasta cando durará iste gran enterro?  
-Non chores que poden escoitarte.  
-Hoxe non choran máis que os que aman a [Galicia-.

Os milleiros de horas, de séculos,  
que fixeron falla  
para faguer un home!  
Teñen que se encher aínda  
as cunetas  
con sangue de mestres e de obreiros.  
Lama, sangue e bágoas nos sulcos  
son semente.

Docemente chove.  
Enviso, arrodéame unha eterna noite.  
Xa non terei palabras pra os meus versos.  
Desvelado, pola mañán cedo  
baixo por un camiño.  
Nos pazos onde se trama o crimen  
ondean bandeiras pingando anilina.  
Hai un aire de pombas mortas.  
Tremo outra vez de medo.  
Señor, isto é o home.  
Todas as portas están pechadas.  
Con ninguén podes trocar teu sorriso.  
Nos arrabás,  
bandeiras batidas i esfarrapadas.  
Deixa atrás a vila.  
Ti sabes que todos os días  
hai un home morto na cuneta,  
que ninguén coñece aínda.  
Unha muller sobre o cadáver do seu home  
chora.  
Chove.  
¡Negra sombra, negra sombra!  
Eu ben sei que hai un misterio na nosa [terra

máis alá da néboa,  
máis alá do mar,  
máis alá da chuvia,  
máis alá do bosque.

Luís Pimentel. Lugo 137.

## OUTROS TEMPOS, OUTRA VIDA

O pasado mes de abril os alumnos de 2º de bacharelato recibimos a visita de Conchiña e Leopoldo, dous superviventes, dous piares da memoria histórica da nosa terra.

Cos seus relatos persoais amosáronos como era a vida en tempos da II República Española e como cambiou drasticamente a situación no franquismo.



“Chegou a República, un novo andar e algo maravilloso nun momento gris” con estas palabras comezou Leopoldo García o seu relato. Con ela chegou a liberdade, a igualdade, a cultura “ Só a cultura podía salvar ó noso país”. Foi unha etapa de grandes reformas. Un dos logros da República dos que máis falou Leopoldo foi a mellora da ensinanza. Durante esta etapa construíronse 7.000 escolas e 5.000 bibliotecas. Un dos seus consellos foi: “Estudar, canto máis saibamos mellor será o futuro” súmase a esta reforma o dereito a votar a muller no 31, mellores condicións de traballo, etc.

Isto rematou cando entrou en escena Franco, a guerra civil e a posterior dictadura e Leopoldo por “render culto á verdade, sen verdade non hai vida” e por defender a República foi encarcerado ós 16 anos.

Desta nova situación baixo o réxime franquista falounos Conchita. Cando o golpe de estado sucedeu ela era moi pequena, tiña tres anos.

Perdeu ós seus pais na loita contra os nacionais, guerra que definiu como “incivil”. Eles viviron a represión militar “hermanos non disparedes” e a traizón, razón polo que morreron cando tentaban escapar en barco de ese inferno. Conchiña e a súa irmá foron criadas polos seus avós. Estes eran uns dos poucos que sabían ler e escribir e puideron educar ás súas netas. O avó de Conchiña era carpinteiro e axudou a facer a Casa do pobo de Vigo. Durante a primeira etapa do réxime franquista ela e a súa familia axudaron ós republicanos escondidos no monte. O seu tío foi loitar á guerra e durante a dictadura foi enviado a un campo de concentración en Reus. Máis tarde foi enviado a Madrid xunto con outros compañeiros para ser sometidos a un consello de guerra. Algúns morreron no Garrote vil e outros foron encarcerados.



Tanto ela como Leopoldo pese a vivir nunha época sen liberdades foron fieis ós seus ideais e esperan con anhelo a chegada da III República.

Redacción: Patri e Julia. Fotografía: Javi

## AS IMPORTANTES EMBARCACIONS GALEGAS

### A IMPORTANTE GAMELA DA GUARDA

A Gamela é unha das embarcacións tradicionais das "Rías Baixas" en Galicia. A de Guarda ao mesmo tempo é unha das embarcacións máis antigas que se coñecen.

De considerable tamaño e primitivas formas destacan sobre todo pola súa facilidade de varado. As súas dimensións andan sobre cinco metros de eslora e dous de manga e son construídas completamente en madeira de pino que na actualidade foi substituída polo contrachapado mariño.

Pintábanse ao modo tradicional cunha mezcla de 14 quilogramos de Brea, 2 de alcatrán, un litro de saín (graxa de sardiña) e 2 kilos de pó vermello. Dábase por dentro e por fóra e constituía a antiga carena.


Nos nosos días pintanse de diversas cores con pinturas modernas o motor fóra borda substitúe as velas e os remos, perdéndose as marcas tradicionais que se pintaban nas súas popas.

A gamela da Guarda segue coas transformacións que impoñen os tempos, cumprindo fielmente o seu labor pesqueiro entre a desembocadura do Miño e da Ría de Vigo

A Gamela da Guarda circunscríbese case exclusivamente a esa poboación, sendo no resto da ría a gamela de tipo Coruxo que é bastante máis pequena que a súa irmá.

#### Plano del libro Barcos en Galicia

##### GAMELA DE "LA GUARDIA"



Eslora: 5,30 m  
Manga: 2 m.  
Manga fondo: 1,40  
Escala: 1 : 50

Costado, proa y popa son tablas a tope. Fondo de tres tablas a tope y de proa a popa.  
Todo el barco está construido de madera de pino.


### A GRANDIOSA GAMELA DE CORUXO



A Gamela tipo "Coruxo" é a mais estendida pola Ría de Vigo e mantén a súa vixencia para a pesca artesanal na Ría de Vigo na súas diversas modalidades, acóplabassel decote un motor fora borda para facer mais fácil o labor cotián.

Estan construídas na súa totalidade en madeira de pino e os tamaños lixeiramente diferentes que nunca chegan as dimensións das da Guarda, o seu éxito radica na facilidade ao estar varada (un volo de madeira e unhas táboas son suficientes para subila á praia) e o seu pouco calado facilita a súa navegación nas zonas rochosas preto da costa.

Existe tamén unha gamela con proa e popa cadrada de pequenas dimensións que se empregan como auxiliar de barcos máis grandes.

A gamela da Guarda e a de tipo Coruxo, constitúen dúas das embarcacións tradicionais mais emblemáticas de Galicia que a este nivel conta cunha estrela indiscutible, a Dorna, da que falaremos máis tarde.





Eslora 4,45 metros manga 1,70 metros



### BOTE POLVEIRO DE BUEU

Un bote tamén dos máis importantes da nosa terra é o polbeiro de Bueu, unha embarcación que se utiliza exclusivamente na pesca do polbo.


Unha barca ben dotada dunha boa quilla e con suficiente espazo para practicar a famosa pesca do polbo, é unha embarcación estable e apta para sitios complicados nas costas. É a mellor barca que se probou xamais para as artes desta pesca.

## A EMBARCACIÓN MÁIS TÍPICA DE GALICIA "A DORNA"

A dorna é unha embarcación de pesca típica das Rías Baixas de aproximadamente 4,50 metros de eslora e 1,50 metros de manga, coa proa redonda que sobresaia da coberta, a popa chata e pequena e quilla pronunciada. Evoluciona cunha única vela de relinga (ás veces pónselle un pequeno foque usado para capear os temporais) e leva dous remos de apoio para cando vai "calma podre". Xeralmente leva dous tripulantes, o patrón á cana e o mariñeiro ás drizas, que é quen se ocupa do izado da vela, aínda que poden ir tres persoas a bordo con relativa comodidade ou incluso ser patroneada por un único tripulante.

Segundo diversos estudos, realizados entre outros polo sueco Stephen Morris ou polo galego Dionisio Pereira, este tipo de embarcación podería ter unha procedencia viquinga, debido ás similitudes formais cos drakkar. Segundo esta teoría a dorna toma recursos formais e construtivos dos navíos viquingos, que poderían ter chegado nas frecuentes invasións dos pobos do norte de Europa que pretendían asediar Santiago de Compostela durante a Alta Idade Media.

A dorna é unha embarcación totalmente fabricada de madeira, construída coas táboas da obra viva xustapostas, montando unhas sobre outras, reducindo o risco de vías de auga e simplificando a construción, o que lle confire maior estabilidade a custo dunha perda de hidrodinámica (este tipo de construción denomínase "de escarba"). As cadernas sobresaen da coberta, formando os toletes ou apoios dos remos nuns casos (leva toletes para 2 remos), e viravoltas onde poder amarra-la escota ou outros cabos. Leva un timón de gran tamaño, que actúa como orza mediante a súa prolongación ata máis abaixo da quilla, gobernado mediante unha cana de madeira dunha soa peza. Coa aparición do motor mariño de explosión, a dorna sufriu un redeseño do espello de popa, introducíndoselle unhas pezas de madeira que permiten o acoplamento dun pequeno motor fora borda.





## O Castro de Viladonga

Do latín “castru” = campamento, os castros defínense como poboados en altura e fortificados, propios do extremo nor-occidental da península Ibérica e que alcanzaron o seu máximo esplendor durante a Idade do Ferro.

A cultura castrexa (s. IX a.Cr. - s. IV d. Cr.) componse desta fortificación, onde o máis salientable é o seu perímetro, rodeada de construcións arquitectónicas de carácter esencialmente defensivo, de maior ou menor entidade pero sempre ben perceptibles.



Esta relación entre os castros e os elementos defensivos, fixo que se popularizase a imaxe dun modelo de sociedade de base eminentemente guerreira, que as investigacións e a arqueoloxía moderna, non confirman. A construción de estruturas arquitectonicamente defensivas ten un carácter común a todos os procesos de sedentarización e compe unhas funcións tan importantes ou máis cás da estrita función defensiva: Contrarrestar as posibles tendencias disgregadoras da comunidade que ocupaba o poboado, servindo de elemento de cohesión. Trátase de converter cada poboado castrexo nun elemento facilmente visible fronte a comunidades veciñas. Tanto como símbolo de status, importancia, riqueza, prestixio social, mesmo pola perigosidade ou fin disuasorio tamén en épocas de paz.

Por outra banda, unha sociedade cun forte compoñente guerreiro, tería, por definición un fin expansionista, que non queda demostrado no mundo castrexo.

Dende finais da Idade do Bronce, as comunidades campesiñas castrexas, escolleron para establecer os seus poboados, lugares de doada defensa natural, e relativa proximidade os campos de cultivo. O elemento máis común na arquitectura defensiva castrexa son os terrapléns de terra xerados por obras de aplanamento do terreo; anteriores, iso si, á edificación da parte habitacional do poboado.


En ocasións, estes terrapléns, aparecen reforzados por muros para evitar desprendementos. Ocasionalmente, polo exterior trázanse novos elementos defensivos de reforzo, como foxos ou parapetos. As murallas son os elementos arquitectónicos máis espectaculares dentro do sistema defensivo dos castros, pero o que mellor reflicten é o nivel de desenvolvemento económico, técnico e social da comunidade que os habita.

O perímetro das murallas interrompiase polo menos unha vez para abrir un acceso á área residencial.

O arquetipo da arquitectura castrexa, son as pequenas cabanas de pedra - cachote local - e planta circular de reducidas dimensións, tradicionalmente pensouse en certa evolución cara a plantas ovadas ou elípticas, con ausencia notable de paredes medianeiras. Tecnoloxicamente, os muros das cabanas de cachotería aproveitaban sempre materiais do medio xeolóxico máis próximo. Nas fases máis recente s, en contacto co mundo romano, ou xa directamente sometido a eles, nas áreas máis ao sur da “Gallaecia” romana, desenvolveuse unha arquitectura doméstica con diferentes innovacións, tanto ornamentais como técnicas: Elementos de temática xeométrica e utilización de muros de perpiaños regulares ou lucido con morteiro de cal e pintado de cor branca, ocre ou azul. Este lucido exterior, ao tempo que servía de


protección das vivendas contra as humidades, dáballe ao conxunto urbano un aspecto cromático para nós descoñecido.

En épocas castrexa – romanas, nas terras máis meridionais do territorio galaico, levantábase diante da entrada ao fogar, unha especie de vestíbulo, que servía para ampliar o espazo doméstico. Adoitábase aproveitar para situar un sinxelo forno de planta cadrada. No interior da cabana, e sobre pavimento de terra pisada, ían simples lareiras formadas por unha base de barro compactado protexido por lousas fincadas. O centro da estancia era ocupado por un burato no que encaixaba o poste vertical que sostíña o teito de elementos vexetais, protexido por unha especie de rede de cordas ou mallas que se mantiñan tensas grazas a unhas pedras furadas que penduraban polo exterior da cuberta.



Outras construcións de planta circular, ovada e mesmo rectangular, polo xeral de menores dimensións, con pavimento de menor calidade, sen lareira, posiblemente tiveran outra funcionalidade, non só de vivenda, senón tamén de almacén.

Nalgúns castros - xeralmente nos de datación algo tardía- é salientable a presenza de certas normas de ordenación urbanística moi peculiares, pero baseadas na organización da área habitacional en función de células ou unidades de carácter familiar, con espazos comúns, socalcos, muros de peche, canles de captación e de evacuación de pluviais, etc. cal é o caso do Castro de Viladonga.



Fóra dos elementos defensivos, é difícil atopar nos castros outros elementos non domésticos. Non é doado atribuír a certas construcións, carácter de "edificio de culto", mesmo as dedicadas a salas de sacrificios, fornos crematorios ou obradoiros dos metais; canto máis, baños ou saunas colectivas, presentes nalgún castro evidentemente romanizado e de datación xa ben tardía.

Xa para rematar esta pequena aproximación ao mundo dos castros, salientar o carácter evidentemente autóctono do proceso de formación, evolución, desenvolvemento e disolución do mundo castrexa, libre de influencias exteriores e resultado final dun longo proceso de illamento.


Cando Roma integrou estas terras no seu Imperio, asistíuse á introdución e adopción de certas melloras tecnolóxicas, dentro dun ambiente de maior pulo económico e de desenvolvemento social.

O feito, por último, de que o momento de máximo esplendor do mundo castrexa, coincidise xa na época de dominio romano, nos leva a deducir, que o proceso de integración do mundo galaico no Imperio, non foi demasiado traumático, e probablemente fora beneficioso para as dúas partes. As escavacións arqueolóxicas máis recentes, ratifican que os restos atopados, pertencerían máis a un pobo aliado, ca a un pobo sometido.

### Excursión a Lugo

A viaxe foi moi dura porque o autobús era moi pequeno e tivemos que ir seis nenos atrás, sendo o asento de cinco prazas. No museo paseino moi ben porque andamos todos na busca de pistas para resolver os enigmas. Despois fomos comer ao parque, e a continuación, de volta á estrada para visitar o castro de Viladonga. A min gustoume moito a maqueta que nos ensinaron do castro, e tamén o estado das escavacións.

(Francisco Sío)



O día 26 de marzo, fomos de excursión a Lugo. Gustoume moito, xa que estivemos facendo unha especie de xogo de preguntas, no Museo Provincial. Tamén fomos ao Museo do Castro de Viladonga, que está moi ben conservado. Pareceume que a excursión estaba moi ben organizada.

(Cristian Pregal Rajo)

O día 26 de marzo, fomos a Lugo de excursión. Todos pensamos que ía ser moi aburrida. Primeiro fomos o Museo Provincial e alí fixemos grupos para buscar cousas por todas as salas, nós sós, sen guía, e pasámolo bastante ben. Logo, despois de comer, fomos ao Castro. Alí, primeiro vimos un vídeo sobre o estado das escavacións e o que queda por facer. Tamén vimos unha maqueta e logo pasamos a visitar o Castro. Fixemos dous grupos e cada un foi polo seu

lado. Despois, non nos deu tempo de mirar a muralla e volvemos para Nigrán.


(Clara Dubois Lago)

A viaxe foi un tanto aburrida -agás o Museo- porque pasamos moitas horas no autobús. A visita ao Museo foi moi divertida porque había que facer un concurso por grupos e contestar un formulario para o que debiamos andar por todos os pisos e todas as salas. Antes de volver, o que fixemos foi visitar un castro, acompañando a visita, fomos ao Museo onde nos explicaron como era a vida dos nosos antepasados, onde vivían e o que facían. Tiñan un montón de cousas dos nosos devanceiros e fixemos un paseo arredor do castro para poder apreciarlo.

(Iván Iglesias)

O día 26 de marzo, fixemos unha visita a Lugo. Saímos tarde de aquí, case dúas horas despois do previsto. Chegamos alí e fomos ao Museo, onde fixemos un tipo de xogo que consistía en contestar preguntas e as respostas tiñas que buscalas polas salas. Máis tarde, fomos comer a un parque e despois marchamos a un castro e ao seu museo, onde nos deron as míticas explicacións. Despois fomos directamente a visitar o castro, alí estivemos un anaco ata que comezou a chover, e non deu tempo de visitalo todo. Pasámolo ben !

(Juliña Moreno Bodelón)



O día 26 de marzo, fomos os alumnos de segundo da ESO de excursión a Lugo. Primeiro visitamos o Museo Provincial onde

fixemos unha especie de concurso, baseado nun libro que estaba inspirado en aventuras do propio museo. Podía ter sido mellor, xa que non tivemos moito tempo, por chegar tarde. Pola tarde fomos ao Castro de Viladonga no que nos ensinaron un pequeno museo con obxectos recollidos e recuperados nas escavacións. O máis interesante foi o percorrido que demos a través do castro, sobre as murallas e o musgo verde que brillaba.

(Cristina Carbajal Pérez)

Os alumnos de segundo da ESO fixemos unha excursión a Lugo. Visitamos a cidade, o seu museo e percorremos as escavacións dun castro, onde nos explicaron como era a vida dos seus poboadores, tempo atrás. Pola mañá visitamos o Museo Provincial de Lugo onde fixemos un xogo. Tiñamos que responder a unhas preguntas que viñan nun libro que contiña catro contos. Foi moi divertido e ao final, un dos grupos gañadores, recibiu de agasallo un bolígrafo. Vimos a muralla romana de Lugo por fóra, pero non nos deu tempo a percorrela. A viaxe foi moi divertida, en xeral, e puidemos aprender moito sobre a forma de vivir dos nosos antepasados.

(Laura Prado Vázquez)



O luns 26 de marzo fixemos unha excursión a Lugo. Cando chegamos alí fomos directamente ao Museo Provincial, parecía que podía ser moi aburrida a visita, pero non, foi todo o contrario. Non era un museo calquera; había que investigar e era como se estivésemos xogando. Logo fomos ao Castro

de Viladonga, onde nos explicaron todo o que se facía antigamente. Como eran as casas, en que traballaban. En fin, estivo bastante ben, pero a viaxe en bus foi moi pesada.

(Miguel Morell Pedreira)

O día 26 de marzo fomos de excursión a Lugo. Visitamos a muralla romana, pero non camiñamos por ela, o cal non me gustou; fomos tamén ao Castro de Viladonga, alí puxéronnos un vídeo e déronnos unha pequena charla informativa dos distintos poboamentos que alí houbo, as construcións, etc. e despois leváronnos a velo, camiñando sobre os muros do castro e vimos o estado das distintas escavacións. No Museo Provincial de Lugo, pasámolo moi ben, xa que o visitamos na busca de pistas para resolver as diferentes preguntas que o texto nos propoñía.

(Sandra Alejos Fernández)

O día 26 de marzo fomos a Lugo todo o día. Primeiro visitamos un Museo onde tiñamos que ler un libro e logo nos deron un caderniño que traía unhas preguntas que tiñamos que contestar. Logo, á tarde fomos a un castro e alí, primeiro nos deron unha charla, despois vimos unha maqueta e as cousas que tiñan recollidas. Despois fomos para fóra a percorrelo, ensináronnos as casas antigas e cousas que utilizaban, pero aínda queda moito por "escavar".

(Manuel Pérez Hermida)

Chegamos a Lugo e directamente fomos ao Museo Provincial, no que participamos nun xogo bastante divertido. Pasámolo moi ben. Despois de comer fomos ver unha exposición de materiais que utilizaban os habitantes dun castro, que era bastante grande, e era moi curioso, pois as casas eran moi pequenas. Xa sen máis, marchamos de volta para casa.


(Óscar Rodríguez Castro)



### **EXCURSIÓN A BARCELONA 4º ESO**

A semana despois de Semana Santa, do dez ao quince de abril, algúns rapaces e rapazas de 4º ESO fomos de excursión a Barcelona. O hotel quedaba ás aforas polo que tivemos que coller o tren e o metro. Na nosa estancia vimos moitas cousas interesantes e ata aprendemos un pouco de catalán.

Alí visitamos o Parque Güell. Imos contarvos un pouco sobre a súa orixe e describi-lo: O parque Güell, proxectado por Antoni Gaudí i Cornet foi construído entre 1900 e 1914. O encargo deste proxecto, que debía de ser unha aristocrática urbanización con residencias unifamiliares, foi feito a Gaudí polo Conde de Güell.



O proxecto finalmente fracasou e consecuentemente pasou a propiedade municipal e desde 1923 transformouse nun parque público que está situado na parte alta de Barcelona. Na entrada principal hai dous pavillóns construídos en pedra, tellado de bóveda catalá e cubertos de "trencadís", que é un revestimento de fragmentos de mosaico irregulares. Ambos os tellados están coroados por diminutas cúpulas que lembran a forma dun cogomelo.


Entrando no parque atopamos unha escaleira dobre dividida por un dragón, antes de chegar a unha sala hipóstila con oitenta e seis columnas dóricas que sosteñen a praza do parque. No teito desta sala pódense contemplar plafóns coloreados. A praza é un balcón con vistas ao mar e a Barcelona. Está delimitada por un banco recuberto de "trencadís". Ao redor hai un gran xardín que está comunicado con camiños de carro ou carreiros peonís.

Tamén percorremos o paseo da Rambla, que é a zona antiga de Barcelona. Alí puidemos contemplar moitos mimos, tendas de agasallos, tenderetes de animais... Fomos a Praza de Cataluña, onde había moitas pombas ás que lles demos de comer na man xa que non se asustaban. Visitamos tamén o Maremagnum, un centro comercial que está no porto de Barcelona. Consta de máis de trinta tendas de roupa, gran variedade na gastronomía, terrazas a carón do mar... Alí tamén se atopa o acuario de Barcelona.

Fomos ao museo de cera, que esta localizado no paseo da Rambla. Onde puidemos contemplar moitas figuras de personaxes famosos e importantes representados en cera. Mostraban moitísimo realismo, parecían de verdade. O edificio constaba de dous pisos cun ascensor ambientado. As salas tamén estaban ambientadas segundo os personaxes que residían nelas, tanto na decoración coma no son. Había unha sala na que estaban os personaxes dos contos como "Alicia no país das marabillas"... Outra dos reis, Franco, Hittler... Tamén había unha con xente famosa como: Antonio Banderas, Julia Roberts, Richard Gere... Despois había unha sala adicada a Star Wars e outra de personaxes de medo como Frankenstein ou Jack o destripador. Por último tamén había unha sala na que estaban Dalí, Einstein, Picasso...

O xoves fomos a Port Aventura que é un parque de atraccións que está en Salou (Tarragona). Para chegar aló tivemos que facer unha viaxe en tren dunha hora e media. Pero mereceu a pena porque o pasamos xenial. Montámos en case todas as atraccións, fomos a un espectáculo de lume...


O malo foi que choveu e non apetecía moito subir ás atraccións de auga, pero aínda así subimos a case todas. Gustounos moito e cando tiñamos que marchar deunos moita pena. Ese día chegamos ao hotel esgotados!!



\*Nesta foto estamos diante dunha fonte no parque de atraccións, todos mollados e algúns cos chubasqueiros de Port Aventura.

Tamén fixemos un percorrido no autobús turístico, que alí lle chaman as bañeiras. Íannos explicando as características de cada monumento ou lugar e quen os deseñou. Puidemos contemplar as distintas obras de Gaudí: "A Sagrada Familia", "A Pedrera" e "a Casa Batlló". Tamén vimos o Camp Nou, o Palau Reial, o paseo marítimo, onde está a estatua de Colón sinalando a América, o barrio gótico polo cal paseamos...

Un día, despois de pasear pola Rambla, visitamos o Liceo. Agora imos falar un pouco d'O Gran Teatre del Liceu de Barcelona, coñecido como «O Liceu», é o teatro máis antigo e prestixioso da cidade, especialmente como teatro de ópera, entre os que é considerado un dos máis prestixiosos do mundo. Situado na Rambla de Barcelona, foi escenario, desde hai máis 150 anos, das máis prestixiosas obras, interpretadas polos mellores tenores e sopranos do mundo. Durante décadas, foi símbolo e lugar de encontro da aristocracia e burguesía catalá. O último incidente que sufriu foi un gran incendio no 1994, polo cal tivo que ser reconstruído, podendo abrir de novo as súas portas no 1999.



Por último visitamos o gran mercado de Barcelona, no cal había diversos tipos de froita, froitos secos, lambonadas... Era enorme e había moitísima variedade nos alimentos. Alí mercamos pementos vermellos picantes para facer unha aposta de quen o comía, pensando que non ían picar moito...O final picaron a rabiarse e acabamos todos coa lingua fóra e comendo xeo!! Estívonos un bo tempo ardendo a lingua e a gorxa.

\*Nesta foto estamos na praza de Colón.

Foi unha viaxe inesquecible para todos, pasámolo moi ben e repetiríamos sen dubidalo. Agradecemos moito o esforzo dos adultos que nos acompañaron, porque se divertían connosco co mesmo entusiasmo.

GRAZAS!!

ÀNGELA FERNÁNDEZ, 4º B, e SARA ALONSO, 4ºA.



## EXCURSIÓN 4º DE ESO A PARÍS

Eran as 4:45 cando emprendiamos a nosa viaxe cara a Vigo, onde colleríamos o avión que, cunha escala en Madrid, nos levaría ata París. Chegamos ao hotel cara ás 12, pero aínda non nos prepararan os cuartos, así que deixamos



as maletas e marchamos cara a un centro comercial que estaba preto do hotel.

As nosas primeiras impresións non foron moi boas xa que o noso hotel estaba nas aforas, nun barrio marxinal de París, pero pronto as tornas trocaron ao instalármonos no hotel xa que os cuartos estaban moi ben. Acto seguido, saímos cara ao centro de París para coñecer por fin a Torre Eiffel. Subimos ata o máis alto, dende onde puidemos apreciar toda a cidade.

O segundo día visitamos Notre Dame e o Barrio Latino, e máis tarde percorremos a Avenida dos Campos Elisios onde estivemos case toda a tarde mercando roupa, por último o Arco do Triunfo e despois fomos cear ao bufé.

O terceiro día pasamos toda a mañá no Louvre, gran museo do que soamente puidemos visitar os puntos máis destacados como a Mona Lisa ou a Venus de Milo. Nese mesmo día fixémoslle unha visita ao cemiterio máis importante de París, no que vimos as tumbas dalgúns famosos como Oscar Wilde, Chopin, James Morrison... Máis tarde fomos cara ás Galerías La Fallete, un gran centro comercial de moita antigüidade e prestixio.

No cuarto día foi no que ese neno que todos levamos dentro gozou dabondo en

Disneyland. Non deixamos un anaco de parque por percorrer, montamos en todas as atraccións posibles e case choramos á hora de marchar, aínda que non o queiramos recoñecer foi o mellor día.

O 13 de abril saíamos de París cara a Poitiers coa mágoa de deixar atrás uns días maravillosos pero coa satisfacción de que todos descubrimos por que din que París é unha cidade máxica e chea de romanticismo, aínda que o segredo teredes que ir descubri-lo vosoutros mesmos. De camiño visitamos o Castelo de Chambord.

O último día espertamos en Bordeos, e pronto subimos ao autobús que nos traería de novo a casa. A volta a Vigo foi moi longa, a xente durmía nos asentos, levantábase e cambiábase de praza ( cousa que molestaba ao condutor que fora do máis "agradable"), facían as últimas fotos...



Cando chegamos, todos nos mirabamos porque sabiamos que da diversión que deixabamos atrás o último esforzo para acabar ben o curso soamente había un paso, aínda que nos consolaba pensar que compartiramos e viviramos momentos maravillosos.

Queremos aproveitar para agradecerlle a Edu e a Marta todo o que fixeron por nós, souberon ser: profesores, guías, "pais"... e sobre todo amigos.

Lara Alba Hernaiz

# RECUNCHO LITERARIO

## RELATOS HIPERBREVES

1º Premio Bacharelato: Antonio Díaz García

...Pero vin a unha muller chorando agónica, a un tipo borracho vagando nas rúas, xente morrendo ante sorrisos indiferentes, "homes –cantos rodados" pateados ata a erosión. Chovían corpos inertes, mollando ideais – "amnistía!", berraban, "amnistía"- Almas podres, espíritos cativos, cadeas, ataduras... De súpeto, crin espertar. E asomeime á ventá... pero vin a unha muller chorando agónica...

2º Premio Bacharelato:

Alí estaban, ollándonos entre as papoulas.

1º Premio 2º Ciclo ESO: Noelia Vanina

Entrei correndo no cuarto daquela pensión; estaba moi axitada, alterada por toda aquela situación. O dormitorio invadido por unha inmensa escuridade e un enorme silencio.

De súpeto, mirei a un recuncho e alí estaba de pé fitándome perseguindo o meu medo.

Por ver unha vez máis a luz do sol,  
 eu loito, sobrevivo,  
 defendo os meus valores,  
 rescátoos do olvido.  
 Por ver unha vez máis a luz do sol,  
 sangue, bágoas, suor,  
 humores dos meus propios  
 sentimentos,  
 derramarei sen dor.  
 Por volver escoitar ruxir ó mar,  
 ese suave asubío dos paxaros,  
 eu erguereime en contra de quen  
 negue  
 os momentos dos soños  
 consumados.

Sorte que non custa nada soñar:  
 estando reprimido o triste peito  
 escóitase nos soños respirar.  
 Aquel que tendo pouco tocou teito,  
 o que da vida non pode gozar,  
 ¿non ten acaso nos soños dereito?  
 ¿o que sofre non pode en soños ver  
 a esperanza dun próximo mencer?  
 ¿Cando nos foi vetada  
 a viaxe infinita?  
 ¿A ignorancia cortou as nosas ás  
 e sangran as feridas?  
 Sangran cortes, feridas e fisuras,  
 e sangra o sol loitando  
 contra a lúa en batalla xa perdida  
 afogado nun manto de carraxe  
 baixo un lintel de luces confundidas.  
 Confundidos están os que remontan  
 río da senrazón arriba  
 e sen saber nin cómo nin porqué  
 logo irán á deriva...  
 Construindo castelos polo ar,  
 cómo contrarresta-la gravidade,  
 achando a cuadratura circular,  
 os seus ollos abrir na escuridade,  
 dicir por só dicir, falar por falar,  
 sen saber qué é mentira e qué é  
 verdade,  
 son nobres pensamentos, só  
 parvadas,  
 e as cousas máis sinxelas,  
 complicadas.

Por ver unha vez máis a luz do sol,

por amar, por sentir...  
 Polas estepas do meu corazón  
 cabalguei, fixen gran  
 descubrimento:  
 ¡teño vida, anceios e ambicións!  
 ¡teño inquietudes, tantos  
 sentimentos...!  
 Agora sei que son persoa:  
 cando se me esvarou por fin  
 unha bágoa na miña face,  
 sufrín...  
 Ás veces, nos momentos de  
 soidade,  
 nos que o tempo se esquece de  
 existir,  
 soan cancións borrachas na cantina  
 das ideas, lembranzas e ilusións,  
 e son danzas pelexas ata a morte  
 da fantasía airada e da razón.

Por ver unha vez máis a luz do sol,  
 regarei gota a gota ca suor  
 muda da miña fronte á semente  
 da árbore da eterna liberdade:  
 esa suor da causa, que é o traballo,  
 suor do triunfo, que é a  
 consecuencia.

¡Tan só quero ver ó sol outra vez!  
 loitar, resistir, vivir, defender,  
 sen dor derramar sangue, bágoas,  
 suor,  
 sen dor satisfeito amosar meu valor;  
 sorrir outra vez, chorar se fai falla,  
 ó mar escoitar, paxaros cantando,  
 soñar outra vez, vivir para sempre,  
 e non sufrerei...

Crebar as cadeas que forte nos  
 atan,  
 cadeas que non nos permiten voar,  
 abrir nosa mente, cruzar o universo:  
 ¡crebemos as cadeas  
 dos convencionalismos,  
 e sexamos ceibes,  
 ceibes por fin!

Antonio Díaz García. 2º Bach.

## PECHA-LOS OLLOS

Ollos que mostran a mirada fría da soidade,  
Entón pecha-los teus para non ver os meus,  
Pecha-la túa alma en pena que navega polo ceo,  
Pecha-lo lamento que arrastra o meu pensamento divulgado.

Sorriso espallado polos catro ventos dos catro pensamentos,  
Na quintésima estrofa do meu ceo escrito con sangue magoada,  
No meu manto de estrelas ilustrado nos teus ollos negros,  
Co teu corazón pálido na miña man, pechalos ollos.

Non mires a miña cara chea de laios e de penas,  
Mira ao fin e voa lonxe de min,  
Se non queres sufrir voa ata o manto de estrelas,  
Monta no cabalo Branco de Santiago e chega lonxe.

Estrofas sen sentido,  
Versos malgastados no meu pesar,  
Palabras maltratadas polo meu corazón,  
Mercadas nun almacén chamado lamento.

Odio e amor, maldición e liberdade,  
O amor, a xustificación da realidade do odio,  
Odio o límite que nos separa unhas persoas doutras,  
Amaba a aqueles ollos que miraban ao fronte.

Fantasías afogadas polos meus sonos rotos,  
Momentos esquecidos nos confíns da soidade,  
Bicos saídos dunha boca nunca Lembrada,  
Sentimentos afastados nunha caixa de cristal.

Pecha-los ollos, porque choro e non hai mágoas,  
Arríncome o corazón,  
E deixarei de sentir dor,  
Nos meus sentimentos reprimidos,

E poderei dicir por fin,  
Sen sentimentos mal interpretados,  
Boas noites,  
Pechalos ollos.

Borja Nóvoa Navarrete. 4º A

Nunha rocha chorando ferida,  
miña alma estaba durmida,  
amigo meu, estráñote.

Chorando ferida estaba nunha rocha,  
creo que este mundo se equivoca,  
amigo meu, estráñote.

Miña alma estaba durmida,  
sen ti eu síntome espida,  
amigo meu, estráñote.

Creo que este mundo se equivoca,  
cando din que a min xa non me toca,  
amigo meu, estráñote.

Eva Nandín Pereira, 3º A

Estou nas pedras do mar,  
vendo o tempo pasar.  
Agárdote, amigo,  
no porto de Vigo.

Vendo o tempo pasar,  
espero que veñas do mar.  
Agárdote, amigo,  
no porto de Vigo.

Espérote no meu mar,  
para poder verte xa.  
Agárdote, amigo,  
no porto de Vigo.

Para poder verte xa,  
estou convosco nese mar.  
Agárdote, amigo,  
no porto de Vigo.

Abraham Fernández Iglesias, 3º A

## VERBAS DE ADEUS E ATA NUNCA

Outra vez a cea sen facer. Merda, eran as dez da noite e aínda non estaba feita! Como unha puta coma ela pode chamarse esposa? ... Adoitaba pensar isto dúas noites á semana, ou tres, aquelas nas que á miña muller non lle daba tempo a telo todo listo para a miña chegada. Eu viña esfameado, esgotado de levar de acá para alá sacos de cemento e ladrillos, e a moi inútil non tiña a cea preparada!

Batinlle arreo como tiña feito tantas outras veces, xa chegaría o arrepentimento máis tarde. O seu cabelo castaño, diante da cara, disimulaba os golpes e as bágoas. Apenas foi quen de reaccionar, e sen dicir ren seguiu a cociñar.

Sentei no sofá, quitei o pantalón e a camisa e abrín unha cervexa. Aos dez minutos apareceu a miña muller cun prato, máis cervexa e uns cubertos. Púxomos diante sen me ver á cara e desapareceu de novo tras a porta da cociña. Fiquei alí ata o remate do partido, ceando e bebendo. Logo apaguei a televisión, erguinme do sofá cambaleándome (bebera algo máis dunha lata) e dirixinme ao dormitorio. Abrín a porta e entrei sen acender a luz; ela estaba tendida de costas á porta. Deiteime ao seu carón sen saber se estaba adormecida. De vagariño e con suavidade acariñei o seu van.

-María -murmureille ao ouvido-, estás esperta?

Ela non respondeu, penso que finxía durmir. Seica daquela debín sentir remorsos e dei en bicala e pasarlle a lingua polo seu suave colo mentres murmuraba:

-Veña, muller, perdoa. É só que hoxe mateime a traballar e cheguei un pouco alporizado. Xúroche que aprenderei a controlar os meus impulsos.

Pero ela non respondeu; de seguido, comecei a subir a man cara aos seus peitos. De súpeto, ela detivo a singradura da miña man, como freándome, e dixo:

-De acordo, Paco, perdóote, pero déixame durmir que estou cansa e dóeme a cabeza. (A escusa de sempre).

-Pero, muller, non sabes que un orgasmo ten o mesmo efecto que dez aspirinas? (Tamén lle respondía o mesmo case sempre).

-Non me apetece, Francisco. E dito isto calou e afundiou a testa na almofada. O certo é que ignorei por completo as súas palabras, e non era a primeira vez. Comecei a sobar as súas mamilas mentres lambía o seu pescozo. Nese momento, María tentou afastarse, mais eu baixei o pixama e forceina... Ela non gozaba pero eu necesitábo e non me importaba o demais.

Sooou o espertador e erguinme como cada mañá. A cama estaba desfeita e María xa non estaba alí, como cada maña. Vestinme, baixei á cociña e alí estaba ela co almorzo preparado; como cada maña. O seu rostro era serio e triste, e apreciábase a marca do golpe do día anterior na súa preciosa cara; como outras moitas mañás do ano. Saudei e ela respondeu máis á súa camisa ca a min. Tomei un almorzo apresurado mentres ela comezaba a traballar na casa, como facía a cotío e marchei como sempre a traballar, pero aquel día algo cambiou.

.....  
.....

Volví da obra ás oito da tarde; xa era noite e non había ningunha luz acesa. Entrei e alí non había nin cea, non muller ningunha. No seu canto, a vaixela da nosa voda agardábame espaxada polo salón, e o vestido branco esgazado na cociña, como querendo substituíla no seu continuo mantemento do fogar. Naquel intre non podía ou, mellor, non me quería decatarse, pero estaba ben claro: marchara da casa.

Non daba creto, a realidade era tan desconcertante que semellaba un soño. Como puidera fuxir? Era increíble, trinta



anos de casado. Dez anos de amor e vinte de simple convivencia, e agora, sen previo aviso, pan! O tremendo golpe que ela me devolvía logo de tantos que eu lle tiña dado. Os seguintes seis días paseinos sen comer, inxerindo as poucas migallas que María deixara no frigorífico. Apareceu pola casa algún que outro coñecido preocupado, ou quizais só estrañado pola miña ausencia no traballo e na taberna de Mou, pero eu o que quería era soidade e facía que non había ninguén na casa.

.....  
 Xa non podo máis, levo dous ou quizais tres días aquí sentado, sen comer e sen durmir.

Por que estou aquí sentado só? Unicamente por min mesmo. Nun principio dirixín todo o meu odio e rancor cara á miña muller, ata que percibín con claridade que ela só era só vítima, a miña vítima. Lembrei unha vez que lle dei tal malleira que pasou tres días no hospital; e chorei.

Non lembraba ter chorado dende neno, supoño que me gustaba ir de duro. Chorei outras veces neses dous ou tres días, chorei ata ficar enxoito de bágoas. Nin de cativo chorara tanto. Bágoas e máis bágoas; só as vía a elas, e cando non estaban alí, imaxinábaas. Pensara moi seriamente en coller o coche e saír na súa procura, remataría por atopala.; teño moitos amigos. Pero, despois, que faría? Sería outro caso de homicidio conxugal, perfecto para as noticias do mediodía? Ou darlle outra malleira que a mandara ao hospital, e a pecharía na casa para que non saíse xamais? Non, non, volveríaa facer receptora do meu egoísmo. A culpa caeu sobre min coma enorme rocha que o coioite guinda sobre o correkamiños dende un precipicio. O correkamiños sempre a evita, como fixera eu, mais agora atopábame esmagado baixo todo o meu peso. Máis chorei por ela ca por min. E , agora, mentres escribo estas liñas, unha cortiña de auga enturba a miña vista. Supoño que este é o meu testamento, pois sei que morro, non sei de que, pero de seguro que morro. Todo

o que teño déixollo a María Rodríguez Loureiro: a casa, o coche, a tele.... Todo, e o máis importante; o meu arrepentimento. Xa non vexo dun ollo, de seguro que é un agoiro da miña morte, tampouco podo mover o brazo esquerdo, e as escasas forzas que teño dedícoas a escribir estes parágrafos. Nestes últimos momentos da miña vida, esperaba rememoralo todo dende neno ata agora. Esperaba que, como contan, pasasen unha serie de fotogramas das miñas vivencias pasadas ante os meus ollos. Con todo, non son quen de lembrar nada, só o perfecto rostro de María.

Agora, cada vez que o lembro, penso no egoísta que fun e no desgraciada que era ela aceptando con resignación aquela situación tan penosa. Atópome macelado e desfigurado por mor da miña man abrasadora. Todas as lembranzas alleas a ela fuxiron da miña memoria como a auga foxe entre os dedos cando tentas apreixala na man. Só vexo os seus ollos verdes anegados de bágoas. Os meus, cada vez é mais complicado mantelos abertos.

María, de atopares isto, non chores. Endexamais tentes sentir nada por min, nin ledicia, nin mágoa, nin morriña, nin nada. En vida ameite e maltrateite. Neste momento resúltame absurdo, mais foi a base do noso matrimonio durante vinte anos. Agora gustaría crer nalgunha relixión para poder atopar acougo no lume do inferno, poder crer na condena que merezo. Non é así; só me queda dicir adeus. Adeus a todo e adeus a ninguén. Xa non me importa morrer. De feito, é o que anxeio, e sei que a cada verba voume achegando máis ao derradeiro suspiro... A morte. Só así atoparei consolo. Sinto que bica todo o meu corpo como unha puta de luxo. Aquí digo adeus ao mundo e ola á rameira das sombras. Chegou a fin; aquí pecho os ollos e xamais os volverei abrir.

Andrés Meixide

## AS FABULOSAS FÁBULAS DE... JOAQUÍN

### ñ O mítico...!

**I**a polo monte o renarte raposo chamado don Héctor, camiñando tan tranquilo coma sempre, cabe destacar que Héctor era un vello veterano dos montes. Topou cun furón coñecido por esa zona como o mítico... O seu nome era Martín. Héctor ollouno con mala cara e saudouno

– Ola!!

– Ola!! –contestoulle o furón achegándolle a cara ao raposo e despois contoulle o que segue:

– Don Héctor, descubrín o xeito de liar chiris sen tanto papel. –O vello raposo interesado preguntoulle:

– ¿Como?

– Collendo o papel e xuntando os extremos para que queden xustiños e despois cunha pega pegalos.

– ¡Exquisito! –dixo Dumbo.

– Perdón, esta non é a túa historia, vai de aquí.

Don Héctor, non podendo conter o riso contestoulle:


– Moito flipao –e explicoullo.

O puto mítico... era un cabezón e insistiu no seu invento, ata que o comprendeu e riu.

Lección moral ñ Aquí aprendemos como un furón mozo quere alardear de sabedoría fronte á veteranía do vello e renarte raposo. Que saberá o chancho de avións...

**FIN**

P.D. ñ ... se nunca mirou para arriba!!!!



## MARÍA MARIÑO

### Biografía:

María Mariño Carou é unha figura singular no contexto da literatura galega pola obra, pola biografía, pola recepción. Vinte e sete anos separan a publicación do seu primeiro libro *Palabra no Tempo* da edición de *Verba que comeza*. Ao longo dese tempo creouse arredor desta escritora un veo de misterio, alimentado polo seu afastamento do mundo literario.

Naceu en Noia no ano 1907. Filla de Xosé María Mariño e Filomena Carou, era a cuarta de cinco irmáns. A súa infancia e xuventude nesta localidade están marcadas polas dificultades económicas da familia, uns anos - poucos- de escola e logo traballa como costureira polas casas. As amigas lémbraa como unha persoa estraña e solitaria. O traslado a Escarabote (Boiro), onde unha tía súa traballaba de cociñeira no Pazo de Goián, que tiña unha boa biblioteca, permítelle o acceso a algunhas lecturas. Ese descoñecemento da cultura libresca é un dos aspectos subliñados por Uxío Novoneyra, ao insistir na orixinalidade da súa escrita.



Casa en Boiro co mestre Roberto Posse Carballido e despois dun breve período tempo no País Vasco, onde morre o seu único fillo ao mes e medio de nacer, regresan a Galicia. Instálanse, por motivos de traballo, primeiro en Romeor do Courel e logo en Parada, a onde se trasladan por consello médico a causa da depresión nerviosa que sofre a escritora. Neste lugar pasará María Mariño o resto da súa vida, fai algunha viaxe a Noia e

## LETRAS GALEGAS 2007



Monforte e as vacacións nos últimos anos na cidade da Coruña. No Courel coñece a Uxío Novoneyra, quen promove a publicación do seu primeiro libro. *Palabra no Tempo* édítase no ano 1963 na colección "Tesos Cumes" da editorial Celta. No prólogo Ramón Otero Pedrayo saúda a "revelación dunha intimidade impresionante do ego da escritora cas cousas, de un desvelamento e senso trágico do ser do tempo na serra". María Mariño comezara a escribir seis anos antes, primeiro en castelán, logo en galego.

Sen apenas relacións no mundo literario, o illamento e a marxinalidade que caracterizou en moitas ocasións o labor creativo das mulleres condicionou a recepción da súa obra, mesmo chegou a suscitar nalgún momento dúbidas sobre a súa existencia e a autoría dos poemas. Creación singular no contexto da literatura galega, a escrita de María Mariño non obedece ás normas, a súa é unha poética crebada que tensa e racha a lingua á procura da voz que exprese ese "raro e valiosísimo mundo escuro" que, en palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín, constitúe a súa obra.

Habería que agardar 27 anos desde a publicación de *Palabra no Tempo* para que se dese a coñecer o seu segundo libro; unha edición promovida por Uxío Novoneyra e Antón Avilés de Taramancos e publicada polo Concello de Noia. No volume *Verba que comeza* recóllese unha ampla mostra dos poemas escritos por María Mariño no último ano da súa vida, enferma xa de

leucemia. Antes, de acordo cos datos facilitados por Uxío Novoneyra, escribira dúas obras en castelán que non se coñecen: "Los años pobres. Memoria de guerra e posguerra" e "Más allá del tiempo". No ano 1994 Edicións Xerais publica a *Obra Completa*.

Unha poética radicalmente intimista e unha linguaxe rupturista caracterizan, segundo Carme Blanco, estudosa da súa obra, a escrita de María Mariño. Unha personalidade literaria que se sitúa nas marxes do canónico no seu tempo. A súa figura suscitou e segue a suscitar interpretacións diversas. Unha mirada embazada durante moito tempo polo descoñecemento da súa vida e a

### Obra literaria:


A mediados dos anos cincuenta, María Mariño comezou a escribir poemas, primeiro en castelán e logo en galego. Despois, no contorno do Courel, coñeceu o poeta Uxío Novoneyra que promoveu a publicación destes versos. *Palabra no tempo* editouse no ano 1963 na colección "Tesos cumes" da editorial Celta. Sen apenas relación no mundo literario, o illamento e a marxinalidade que caracterizou en moitas ocasións o labor creativo das mulleres condicionou a

### Poema:

Aquí che deixo, meu peito canso, aquí  
che deixo,  
aquí che deixo neste branco papel trillado, neste  
percurso das horas.  
¿Quen eres —perguntaranche—, quen eres?  
Son a néboa que anda soia, son o sol  
quen quenta as queixas, dos camiños  
son o farto,  
son o sono que rixe  
mundo que verte tempo,  
son o berro caladiño entre arranque-brío de sono morto.

Das cousas que non se atopan  
tamén son,  
das ondas que soio van, van e van,  
delas son,  
de cando veñen e vein vindo  
delas son. Son o ledo daquel sono —terra de sen pisadas,  
soio remaxe das cousas—.  
Papel branco,  
trillado,  
papel,  
berra,  
berra entre os fortes  
desde onde as miñas verbas che magoan.

*Verba que comenza*



desconfianza do proceso de escrita da súa obra.

Os seus restos mortais repousan no cemiterio de Seoane do Courel.

recepción da súa obra, mesmo chegou a suscitar nalgún momento dúbidas sobre a súa existencia e a autoría dos poemas. 37 anos despois, en 1990, e 33 logo do falecemento de María Mariño, os poetas Uxío Novoneyra e Antón Avilés de Taramancos promoveron unha edición dos últimos poemas dela. O volume, titulado *Verba que comeza*, foi publicado polo concello de Noia e rematado pola poeta en marzo de 1967, dous meses antes de morrer. A súa poética é radicalmente intimista, cunha linguaxe rupturista .




## Recensións literarias

### Madame Bovary

Gustave Flaubert

Edición de Germán Palacios

Cátedra Letras Universales



Comezarei presentando ó autor, que é Gustave Flaubert (1821-1880) e está considerado como un dos máis grandes novelistas de tódolos tempos.

Publicou esta obra en 1856, que é unha das novelas máis importantes da literatura universal. Esta publicación suscitou un proceso por ofensa á moral pública e á relixión, do que Flaubert saíu absolto. Favorecida polo escándalo, a novela iniciou a partir de aí, o seu camiño ata a gloria, que co paso do tempo non fai máis que acrecentar.

Desde o meu punto de vista, nesta obra dásele importancia á muller na sociedade e a necesidade da súa liberdade. Tamén critica ós homes e á mesma sociedade das desgrazas de Enma Bovary, xa que nunca encontra a felicidade na súa vida. Tamén critica o romanticismo, pois parte das desgrazas de Enma son provocadas polos soños idealistas.

Enma para Flaubert, é a heroína da sociedade, una muller bonita que comete adulterio para poder encontrar a felicidade. O feito de que Flaubert defendera este comportamento de Emma pode ser porque tivo na súa vida unha amante

parecida a Enma.

Esta novela é unha novela moi importante, polo que a súa lectura será recomendable, aínda que a min me gustan máis novelas ou contos de aventura, polo que ademais de invitarvos a que leades esta novela, invítovos á lectura de *A man negra A illa do tesouro...*


Antón Davila Brindley. 1º Bac. A

### Madame Bovary

Autor: Gustave Flaubert.

Edición de Germán Palacios (Cátedra)

Tradución de Germán Palacios (versión da publicada na Editorial Garnier de Paris)



Esta novela nármanos a vida insatisfeita de Enma, muller de Charles Bovary e que se casou con esta despois da morte da súa primeira muller.

Enma Bovary, como xa dixemos antes, é unha muller insatisfeita da vida cuxa principal motivación é a lectura; o intento de evasión da realidade lévaa a ter dous amantes (Rodolphe e León) despois de que Enma e o seu esposo se trasladen a Rouen.

Madame Bovary é para o meu parecer unha das mellores novelas naturalistas.

Na novela pódese observar que o autor escolleu personaxes da vida cotiá, é unha novela realista que



garda un certo parecido con *La Regenta* (novela de Clarín); as dúas protagonistas mostran moitas coincidencias.

Se teño que poñer algún inconveniente a esta novela, talvez destacaríase as longas descrições que fai o autor.

Para rematar, cabe dicir que *Madame Bovary* é unha das novelas máis importantes da literatura universal.

Andrea Sanróman Rdguez. 1º Bac. C

## Frankenstein

Autor: Mary W. Shelley.


Título orixinal: *Frankenstein or, The modern Prometheus*, 1818.

Tradución: María Engracia Pujals.

Presentación: Rosa María Villar.

Editorial: Anaya

Edición: cuarta edición, xaneiro do 2004.



Robert Walton  
atraído pola  
beleza, a  
tranquilidade e luz  
infinita que  
proporciona o  
territorio polar  
decide crear unha  
empresa para

descubrir cada recuncho daquela marabillosa paraxe. O seu primeiro obxectivo sería reunir á tripulación necesaria para dito traballo, logrado este punto, toman rumbo cara ao seu destino, chegando xa ás proximidades do territorio desexado a sorte dá un xiro inesperado, o xeo atrapa o buque durante días sen deixarles outra alternativa máis ca esperar ó desexo.

É nun destes días cando atopan a un home en condicións lamentables, chegara ata aquel punto nunha zorra. Como é de esperar, é trasladado ao barco. Unha vez a salvo dilles que se chama Victor Frankenstein, e será a Robert Walton a quen conte a historia que o levou ata a súa embarcación.

Frankenstein é unha novela estarecedora que resalta os valores da sociedade, a crueldade humana, o desprezo, etc. Teño que recoñecer que quedei moi abraiada respecto a esta novela, pois esperaba atoparme unha historia de terror pero resultou ser unha novela marabillosa que nos conta como unha persoa pode chegar a marxinar a alguén só polo seu físico, a crueldade do protagonista, a covardía, o sentirse desprezado ante a sociedade, etc.

É unha obra que recomendo para todo aquel que teña un lado sensible... e dicir por último que nunca houbera lido esta novela de non ser polo colexio.

Ainhoa Penedo Rial. 1º Bac A.

## Diario de Ana Frank


Autor: Ana Frank

Editorial: DeBolsillo

Edición: outubro, 2006

Traducción: Diego Puls

Número de páxinas: 370



Este libro é unha biografía dunha nena, Ana Frank, que viviu na época da II Guerra Mundial.

Pola súa raza ou pola súa relixión, moitas persoas foron sacrificadas polos nazis.

Un pequeno grupo de xudeus teme por ser secuestrado polos nazis así que deciden refuxiarse nunha “casa abandonada”, vivindo en condicións infrahumanas. Todo isto está contado dende o punto de vista de Ana, unha nena de 12 anos.

É un libro recomendable para todos os públicos, o tema que trata, o nazismo, é moi interesante xa que serve de guía para coñecer esa época e entendela dende outro punto de vista.

Eva Mª Pena Puime. 1º Bac C.

## O viaxeiro


Autor: John Twelve Hawks

Editorial: Círculo de Lectores

Título Orixinal: The Traveler

Tradución: Fernando Garí Puig

443 páxinas



Este libro é un dos meus preferidos pois sendo unha novela de ciencia ficción sitúanos no mundo contemporáneo e preséntanos unha realidade que non se afasta moito do mundo real. Segundo o autor deste libro, o mundo divídese en catro grupos ben diferenciados; por unha parte está a Tabula, un grupo de persoas poderosas que teñen como único obxectivo manter a orde social e a estabilidade, anulando as liberdades individuais e acabando coa


privacidade. Grazas a internet e a un complexo sistema de cámaras de vixilancia e de sistemas de seguridade que se puxo en marcha nos países industrializados usando a ameaza terrorista como escusa, a Tabula pode vixiar a unha grande parte da poboación mundial e identificar condutas perigosas ou inadecuadas. O seu modelo de sociedade perfecta é unha na que as persoas poidan elixir nas pequenas cousas da vida cotiá pero que non permita a ninguén saír do sistema. Por outra banda están os Viaxeiros, persoas que poden saír do seu corpo físico e viaxar a outros mundos. Ao regresar a este mundo traen ideas diferentes de como debería funcionar o mundo e poden organizar revolucións ou dedicarse a ensinarlle á xente un modo distinto de vida. O libro explica que os fundadores das relixións máis importantes foron Viaxeiros. Por isto son odiados e perseguidos pola Tabula que busca manter o seu sistema a toda costa. Os Arlequíns son os defensores dos Viaxeiros, guerreiros moi disciplinados que os protexen da Tabula incluso coa súa vida. Por último está a inmensa maioría da xente, os Cidadáns ou “Zánganos”, que non se decatan da guerra secreta que os outros tres grupos levan a cabo e que só viven para traballar e consumir os produtos que lles ofrece a Tabula. O libro comeza hoxe en día, nunha época na que a Tabula, axudada coa técnica moderna, case conseguiu exterminar os Arlequíns e os Viaxeiros. Conta a historia de Maya unha das últimas Arlequíns que debe viaxar a Estados Unidos a protexer a dous irmáns Viaxeiros.

Este libro gustará a todos aqueles que gocen coas historias de aventuras e ciencia ficción xa que ten varios momentos de acción e o libro faise moi fácil de ler e mantente en vilo en todo momento. Non obstante creo que o que mais me gustou del é o moito que insiste nos perigos da ciencia e da tecnoloxía, que unidas ao sistema capitalista e manexadas por xente poderosa e sen escrúpulos pode facernos a todos prisioneiros sen que nos demos conta. Non se pode dicir nada do autor xa que utiliza un pseudónimo e descoñécese a súa identidade. Unha desvantaxe deste libro é que é a primeira parte dunha triloxía, polo que haberá que esperar a que se publiquen as outras dúas partes para saber como remata a historia. É un libro moi cinematográfico e é posible que fagan unha película a partir del.

Andrés García Morado 1º Bac A

## Pel de lobo

Autor: Xosé de Miranda  
 Editorial: Xerais  
 Colección: Fora de Xogo.



É unha novela galega de trazos puramente extraídos da misteriosa e interior Galicia do macizo; dende a propia lenda ata algunhas palabras que nos engaiolan nese mundo de meigas e meigallos. O misterio tamén forma parte desta lenda que chega a nós de tal xeito que pode encollernos o corazón pola

carga social que tamén nos mostra, como o simbolismo da muller como loba ou o seu rol da “boa” muller.


Deste conto máxico e non tan afastado da realidade pódense apreciar moitas cousas novas dun pasado noso; por outra banda, ten unha tendencia máis romántica e unha historia de amor que inesperadamente resolverá co seu desenlace os misterios que enreda.

Persoalmente este relato chegou profundamente e de forma moi directa a miña vea sensible e acercoume a un mundo pertencente a nosa cultura meigallenta, algo descoñecida para min e de seguro que para moitos de vós. Eu recomendaríalla a moita xente sobre todo os maiores namorados do cine de ficción, para que se decaten de que non lle temos que envexar nada ao cine da gran pantalla transoceánico.

Raquel González Gradín. 1º Bac A

## Crónica de una muerte anunciada

Autor: Gabriel García Márquez  
 Editorial: Debolsillo  
 Edición: 2004  
 Primeira edición: 1981



*Crónica de una muerte anunciada* é unha das novelas máis realistas de García Márquez e do século XX. Nela relátase a trágica morte de Santiago Nasar,

o protagonista, polos seus veciños: os irmáns Pedro e Pablo Vicario.

Estes matárono para vingar o honor aldraxado da súa irmá pequena Angela.

A trama sucede en Colombia, nunha época actual, o libro comeza co despertar de Santiago o día da súa morte. A historia acontece nun só día. O vocabulario é moi sinxelo, o que convida á súa lectura.

Ao meu parecer, esta é unha boa novela xa que, aínda que se sabe dende o primeiro momento que vai morrer, o argumento está tan ben estruturado que non se perde o interese en ningún momento e a intriga mantense ata o final.

Andrea Cedeira Glez 1º Bac C


## Crepúsculo

Autora: Stephenie Meyer

Editorial: Alfaguara

Tradutor: José Miguel Pallarés

Nº páxinas: 505



Este libro, que é o primeiro dunha tetraloxía, conta a historia dunha moza que se muda co seu pai a unha cidade nova, na cal coñece o mozo máis perfecto que xamais puidera

chegar a existir: "Só hai dúas cousas das que estou completamente segura: Primeira, Edward é un vampiro. Segunda, unha parte del morre por beber o meu sangue. E terceira, estou total e perdidamente namorada del."

Narra a historia da gran atracción que aparece entre un

vampiro que non proba o sangue humano e súa froita mais doce.

É unha historia fantástica que mostra a visión persoal da autora de como sería un mundo onde realmente existiran eses seres mitolóxicos que tanto xogo dan no mundo do espectáculo, desenrola os seus propios vampiros cunhas características perfectas e atractivas das que ningún mortal podería escapar. E aínda que o número de páxinas asuste un pouco, o certo é que foi o libro que menos me durou, porque dende o momento en que o tiven nas miñas mans, o único que podía facer era ler e ler... E esas cincocentas cinco páxinas quedaron reducidas a nada en tan só tres días.

Na miña opinión, é o mellor libro que lin na miña vida. Recomendoo a todo o mundo, pero en especial ao público feminino.

Seguramente oirades falar del, porque, aínda que na televisión non digan unha palabra, internet está cheo de foros e espazos web de rapazas perdidamente namoradas de Edward (das que eu e a meirande parte das miñas amigas formamos parte). É o que eu chamo fama silenciosa.

Este é o primeiro traballo de Stephenie Meyer, a cal esta moi emocionada, porque, sendo o seu primeiro traballo supuxo todo un éxito mundial, posto que foi traducido a toda clase de idiomas.

Para mais información visitade a web oficial de Stephenie:

<http://www.stepheniemeyer.com>

Ou tamén podedes visitar a web en castelán:

<http://www.crepusculo-es.com>

Ana González Groba 1º Bac. A




## Dez negriños

Autora: Agatha Christie

Ano da primeira edición: 1959

Edicións orbis (1985)

Número de páxinas: 155



Os personaxes da historia son invitados a unha illa dun estraño propietario. Ao chegar a mansión coñecen ós mordomos e descubren que o anfitrión non está na illa. A partir dese momento comezan a suceder unha serie de estraños crimes aos que ningún dos invitados logra darlles explicación, xa que cada vez que desaparecía alguén desaparecía tamén unha das figuriñas da mesa do comedor.

O relato gustoume moito, na miña opinión é unha historia moi ben ambientada na época, con moito suspense e intriga na que podes meterte facilmente no papel de calquera dos personaxes. Cun inesperado final.

Andrea Rivas Patiño. 1º Bac C

## Eragon

Christopher Paolini



Editorial: Roca Editorial del Libros s.l.

Triloxía: Eragon, Eldest, ¿?

Tradución dos ingleses: Silvia Kómet e Enrique de Hériz.

### Algo sobre a historia:

- Personaxes principais: Eragon e Saphira
- Idade: Empeza con 15 anos, remata con 16 (1º libro).
- País: Descoñecidos (para el), Selena e Morzan.
- Personaxes secundarios: Seu primo Roran (17 anos), seu tío Garrow, Brom o seu mentor, o anano Orík, a elfa Arya, súa dragona Saphira, seu irmán Murtagh (17 anos), os aldeáns e demais xentes que irán aparecendo, entre eles inimigos.
- Reino: Alagaesia.

**Sobre o Autor:** Christopher Paolini, amante da ciencia ficción e a fantasía, graduouse no instituto con quince anos e comezou a escribir Eragon. Con dezanove anos converteuse nun actor superventas nos Estados Unidos. Vive en Montana e inspirouse nas súas paixaxes para crear o reino de Alagaesia. Actualmente está traballando na última parte da triloxía "O Legado".

**Nota do Autor:** Dedico este libro a miña nai por ensinarme a maxia do mundo; a meu pai, por revelarme ao home detrás das cortinas; e tamén a miña irmá, Ánxela, por axudarme cando estou triste. Aos meus seguidores que ¡mantenían as espadas afiadas!.

### "Resumo"

A historia desta triloxía comeza en "Carvahall", unha vila pertencente a "Alagaesia", terra dominada pola tiranía e perversidade dun rei despótico, Galbatorix. Eragon, un mozo granxeiro de 15 anos atopa un día cazando nas montañas unha xema moi especial e pronto descubrirá que a súa tranquila vida cambiará sen que poida evitalo. Pois, desa xema nacerá súa dragoa



Saphira, e el verase obrigado a converterse en xinete de dragón (probabelmente o último) para loitar, empregar a maxia e liberar a xente escravizada do seu reino.

**Comentario valorativo do relato:** A miña opinión é que este libro é moi complexo, pero direi que o mais valorado é e seguirá sendo a maneira de describir os sentimentos, ideas e reflexións do mozo protagonista, pois, reflicte moi ben a nosa idade, tendo en conta que quen o escribiu tiña 15 anos.

Saphira móstrase coma unha nai protectora. Os diálogos que manteñen Eragon e a súa dragoa son o máis logrado, moitas frases e pensamentos fannos rir e algúns conmóvennos. El, primeiro temeroso e inseguro, medra a medida que as dificultades se presentan para converterse finalmente nun mozo valente, sensato e maduro.


Historia na cal, está sempre presente o sufrimento, empeza tranquila pero enganxa a medida que se desenrola a acción e medra o misterio; ademais, coa introdución de palabras máxicas e simbólicas coma por exemplo (Skulblaka=dragón) que lle dan un toque orixinal ao relato.

Eu penso que lle gustará a todos os públicos, pero sobre todo a aqueles que lles fascine a aventura fantástica. Só engadirei que algúns diálogos son algo repetidos ás veces, e por último a película non ten nada que ver, estraga totalmente o libro pola falta de personaxes claves para a seguinte entrega.

Diana Glez. Rdguez. 1º Bac A

## **Un feliz mundo novo (A *brave new world*)**

Autor: Aldous Huxley  
Ano: 1932  
Xénero: ciencia-ficción  
Editorial: Xerais



*Un feliz mundo novo* sitúase nunha época futura onde as persoas son incubadas e predestinadas dende que nacen para pertencer a diferentes castes:

Alfas, Betas, Gammas, Deltas e Épsilon. Cada caste está destinada a realizar certas tarefas: os Alfas son a caste superior, polo que realizan os traballos que requiran de máis intelixencia, mentres que os Épsilon levan a cabo os traballos máis duros. A pesar diso, todo o mundo é feliz, porque, dende a súa mesma concepción, os embrións foron condicionados e, dende que nacen, ós pequenos se lles realiza a *hipnopedia* mentres dormen para convencelos das vantaxes de pertencer a ese mundo e ás súas castes; porque todas as súas necesidades están satisfeitas e porque en caso de sentirse mal teñen á súa disposición o soma, unha droga que é entregada polo Estado.

A novela presenta a Bernard Marx, un Alfa rexeitado socialmente por non tomar soma e ser máis baixo que os demais Alfas por un suposto erro durante a súa xestación e a Lenina Crowne, que ó visitar unha reserva de indios norteamericanos, traen de alí a John, un dos denominados "salvaxes".

*Un feliz mundo novo* mostra unha sociedade utópica, pero irónica: A

sociedade é moi avanzada tecnoloxicamente e non hai nin guerras nin pobreza, pero á conta de rexeitar a familia, a diversidade cultural, a arte, a filosofía... Non obstante, debido ó sistema da sociedade, todo o mundo é feliz baixo a influencia da *hipnopedia* e o soma.


Esta sociedade "perfecta" atopará a dous personaxes con mentalidades que son antíteses do pensamento coetáneo. Por un lado, Bernard Marx, inconformista e altamente crítico, que se sente atrapado pola sociedade, na que ninguén pensa máis aló do que o Estado lle predetermina, e é ese mesmo inconformismo ó que o leva a ser desterrado. Por outra parte, John, un individuo illado da sociedade futura e criado e educado nunha reserva de indios que aínda conservan os costumes dos tempos antigos: relixión, arte, familia... pero que tamén teñen acceso á cultura e, por ser xestados e non incubados, son libres de pensamento. Cando John descobre de súpeto o novo mundo, é visto pola xente como un animal digno de curiosidade, e queda altamente conmocionado polos hábitos da xente e polo choque cultural, ata o punto de odiar profundamente a esa sociedade.

A obra é unha mostra utópica do prezo que ten que pagar o mundo para conseguir unha convivencia estable, e unha crítica da sociedade e da súa cada vez máis esaxeradamente técnica e da marxinação que pode chegar a sufrir o individuo que difire do contexto de calquera colectividade.

## ACERTIXOS

### AS 10 MOEDAS

Transforma a primeira disposición de moedas na segunda movendo só tres moedas.



### ONDE ESTÁ A PRINCESA

Un príncipe atópase diante de tres portas dun castelo. Detrás dunha porta hai un león famento. Detrás doutra non hai nada e detrás dunha terceira está a princesa. En cada porta hai escrita unha frase:

“Aquí está o león”

“Aquí está a  
princesa”

“Aquí non está o  
león”

O paxe do príncipe avísalle dunha cousa: ¡ Alerta príncipe, só un dos carteis é falso!


¿Que hai detrás de cada porta?

### AS XERRAS DE VIÑO

Dous amigos que teñen unha xerra de 8 litros de viño quéreno repartir en dúas partes iguais. Dispoñen tamén de dúas xerras baleiras de 5 e 3 litros respectivamente. ¿Como se pode repartir o viño en dúas partes iguais sen tirar nada?

### CADA CIFRA NO SEU SITIO

Coloca tódalas cifras do 1 ó 9 nos cadros, de xeito que cada cadro superior sexa igual á suma dos dous cadros da fila inferior.



### AS FILLAS DO PROFESOR

O seguinte problema propuxéronllo a Einstein uns alumnos seus. Como é de supoñer, resolveuno correctamente. Di así:

Dous profesores están falando das súas familias:

- Por certo, ¿cantos anos teñen cada unha das túas fillas?- Preguntou un.
- O produto das súas idades é 36, e a suma, casualmente, é igual o número da túa casa.- Contestou o outro.


Despois de pensar un pouco, o que formulou a pregunta dille:

- Fáltame un dato.
- Tes razón- di o outro-. Olvidei dicirche que a miña filla maior toca o piano.


¿Que idades teñen as tres fillas do profesor?

## ADIVIÑA QUEN É QUEN? ALGÚN DELES PODE SER O TEU PROFE

			
1	2	3	4
			
568			
			
9	10	11	12
		<p>Para axudarche ímosche dar os seus nomes: Eduardo, Ana, Clara, Teresa Rodríguez, Paloma Romero, Agostiño, Xosé Lois, Sandra, Jaime, Jesús, Teresa Grande, Montse González, Lola, Isabel Acea.</p>	
13	14		



Néstor Peixoto Aballe




4º ESO






# IES VAL MIÑOR NIGRAN



*Curso 2006/2007*



1º ESO A



1º ESO B



2º ESO A






2º ESO B



2º ESO C



3º ESO A



3º ESO B





3º ESO C



3º ESO D



4º ESO A



4º ESO B



4º ESO C



4º ESO D





1º BACHARELATO A



1º BACHARELATO B



1º BACHARELATO C



2º BACHARELATO A





2º BACHARELATO B



2º BACHARELATO C

## ÍNDICE

SONETO DA TOUBA	.....	3
DESPEDIDA DO CURSO	.....	4
TABOLEIRO	.....	5
CONVERSA CON MANOLO	.....	6
MEMORIA HISTÓRICA	.....	8
OUTROS TEMPOS	.....	12
EMBARCACIÓNS GALEGAS	.....	13
O CASTRO DE VILADONGA	.....	17
LUGO	.....	19
BARCELONA	.....	21
PARÍS.	.....	23
RECUNCHO LITERARIO	.....	24
MARÍA MARIÑO	.....	31
CRÍTICA LITERARIA	.....	33
ACERTIXOS	.....	41
ADIVIÑA QUEN É QUEN?	.....	42
DEBUXOS	.....	43
SORRISOS	.....	44
FOTOS ALUMNOS	.....	45